

O Concello de Vilalba pon en marcha un novo servizo de recollida de **plásticos agrícolas** *'porta a porta'*. Desta forma, o concello pretende:

Mellorar o servizo de recollida que lle presta aos veciños e veciñas que xeran plásticos agrícolas.



Eliminar os vertedoiros incontrolados de residuos contaminantes e perigosos.



As dúas campañas de recollida de plásticos agrícolas en Vilalba no **2026** serán nas seguintes datas:

MAIO						
L	M	M	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

OUTUBRO						
L	M	M	X	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

Última semana de maio e outubro



Os **avisos/solicitudes** por parte dos produtores de plástico agrícola deberán realizarse nas **semanas previas** ao inicio das **recollidas** no teléfono 653 940 988 (*Ambigal 360*): desde o 1 de maio ata o inicio da primeira recollida e desde o 1 de outubro ata o inicio da segunda recollida.



A recollida dos plásticos agrícolas realizarase nas **explotacións de Vilalba dadas de alta** no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (Rega) e no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (Reaga).

Que recolleremos nos 'porta a porta'?

Os residuos plásticos (excepto embalaxes) procedentes da agricultura, horticultura, acuicultura, silvicultura, caza e pesca.

As **instalacións de valorización** só reciben o material plástico procedente de **ensilado**, tanto lonas plásticas negras como o estirable de cores (branco, verde, negro...) usado para realizar os bolos de silo; este plástico é polietileno na súa totalidade, así como os sacos de plástico que conteñan abonos.

O residuo plástico recollido debe estar exento de:



Xeralmente proveñen de fitosanitarios e xabóns, polo que se consideran residuos perigosos (envases contaminados).

O material que non cumpra estas condicións non se poderá recoller.

Exemplos fotográficos

de residuos válidos e
non válidos de plásticos
agrícolas para a súa recollida:

Residuo non válido



Residuo válido

